

ATENCIÓN PSICOLÓGICA a mulleres e menores víctimas de violencia de xénero

COMO CONTACTAR

O acceso é gratuito. Horario de 10 a 13 h. e de 16 a 19 h.

Teléfono de contacto: **629 777 595**

Enderezo electrónico: papmvx@copgalicia.gal

MÁIS INFORMACIÓN

Secretaría Xeral da Igualdade

Edif. Adtvo. San Lázaro, s/nº. 15781 Santiago

Teléfono: **981 95 76 99**

Enderezo electrónico: igualdade@xunta.gal

Páxina web: <http://www.igualdade.xunta.gal>

Colexio Oficial de Psicología de Galicia

Rúa da Espiñeira 10-baixo. 15706 Santiago

Teléfono: **981 534 049**

Enderezo electrónico: copgalicia@copgalicia.gal

Páxina web: www.copgalicia.gal

É un programa desenvolvido a través dun convenio de colaboración asinado entre a Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, que ten por obxecto a atención psicolóxica especializada en situacións de violencia de xénero. A través deste servizo ponse á disposición das persoas que viven ou viviron situacións de violencia de xénero unha rede de profesionais da psicoloxía, colexiados/as e especializados/as na atención psicolóxica a persoas que se atopan nesta situación.

O acceso é gratuíto e garántese unha resposta rápida.

OBXECTIVOS

- Ofertar recursos terapéuticos que abran vías de recuperación ás mulleres e menores vítimas de violencia de xénero, así como a outras persoas dependentes delas.
- Facilitar o acceso rápido e gratuíto a unha atención psicolóxica especializada e coordinada co resto de dispositivos e axentes sociais que están a intervenir.
- Facilitar o proceso de recuperación da persoa así como a integración da experiencia vivida e desde ese lugar poder tomar decisións de xeito máis libre.
- Intervención psicolóxica en situacións de emerxencias por violencia de xénero.

PERSOAS ÁS CALES SE DIRIXE

- Mulleres que estean a sufrir ou teñan sufrido violencia de xénero.
- Menores, fillas e fillos de mulleres que estean a sufrir ou teñan sufrido violencia de xénero.
- Outras persoas do núcleo familiar directo que vivan ou viviran a situación de violencia.

PRESTACIÓN DO SERVIZO

O programa conta cunha psicóloga coordinadora e cunha rede de profesionais da psicoloxía debidamente acreditados/as, que levarán a cabo a intervención profesional á que se refire o programa en toda a Comunidade Autónoma de Galicia.

REDE ASISTENCIAL DE TERAPEUTAS

PROVINCIA DA CORUÑA

| CONCELLO | Nº terapeutas |
|------------------------|---------------|
| A CORUÑA | 14 |
| AMES | 1 |
| CEE | 1 |
| FERROL | 4 |
| NARÓN | 1 |
| OROSO | 1 |
| A POBRA do CARAMIÑAL | 1 |
| RIBEIRA | 2 |
| SADA | 1 |
| SANTIAGO de COMPOSTELA | 10 |

PROVINCIA DE LUGO

| CONCELLO | Nº terapeutas |
|----------|---------------|
| LUGO | 3 |

PROVINCIA DE OURENSE

| CONCELLO | Nº terapeutas |
|-----------|---------------|
| CELANOVA | 1 |
| OURENSE | 7 |
| RIBADAVIA | 1 |

PROVINCIA DE PONTEVEDRA

| CONCELLO | Nº terapeutas |
|----------------------|---------------|
| CAMBADOS | 1 |
| CANGAS | 2 |
| GONDOMAR | 2 |
| MARÍN | 1 |
| MOAÑA | 2 |
| NIGRÁN | 1 |
| PONTEVEDRA | 10 |
| O PORRIÑO | 3 |
| REDONDELA | 1 |
| VIGO | 11 |
| VILAGARCÍA de AROUSA | 2 |